



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO  
DE SAN CAETANO O DÍA 11 DE OUTUBRO DE 2007,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO SR. D.  
EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Proxecto de lei de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados de Galicia

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E  
TRANSPORTES**

- Decreto polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de trazado do acondicionamento da estrada OU-101 Ourense-Maceda, treito: acceso Parque Tecnolóxico-Maceda

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza
- Decreto polo que se modifica o decreto polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña

**ACORDOS**

**VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun protocolo adicional polo que se determinan as achegas económicas das partes e se incorporan os proxectos seleccionados, en ambos os dous casos con referencia ao exercicio 2007, como anexo ao convenio sobre prórroga do convenio-programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais de corporacións locais subscrito entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia



- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e a Xunta de Galicia para o investimento en equipamentos de servizos sociais de Galicia

## **CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Consejería de Justicia y Administración Pública de la Junta de Andalucía, en materia de administración electrónica
- Acordo de inicio da formulación do plan sectorial de ordenación territorial que regule a implantación do complexo, dotacional Campus científico-tecnolóxico Cidade do Mar no predio de ETEA en Vigo, e encomenda á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a tramitación e impulso dos procedementos necesarios para a súa materialización e tramitación, de conformidade coa Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, e co Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal

## **CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación Puntogal* para o impulso do dominio *.GAL*
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello da Coruña para actuacións de modernización en equipamentos e zonas comerciais municipais

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda ao convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Oleiros (A Coruña) para a realización de obras de infraestrutura rural, dentro do Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural (PEIM rural)
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto denominado Plan de sectorización SRAU-industrial Outeda-Curro, sobre a dos montes veciñais en man común Goimil e Os Casás, Vilaverde e Outeda, das comunidades veciñais en man común de Agudelo, Portela e Curro, respectivamente, promovida polo Concello de Barro



## CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, o Servizo Galego de Saúde e a delegación galega da *Sociedade Científica Española de Estudos sobre o Alcohol, Alcoholismo e outras Toxicomanías (Socidogalcohol)* para promover a investigación no ámbito das drogodependencias, facilitando unha formación específica nesta materia e a difusión dos traballos de investigación

## CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela para o asesoramento técnico en materias de investigación mariña e a realización dunha serie de estudos de interese para o sector da produción, depuración e transformación dos moluscos bivalvos
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Autoridade Portuaria de Marín para a realización da obras: “Novo depósito de auga salgada no porto de Marín”

## CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago de Compostela para a implantación da Lei de prevención e control integrados da contaminación, por importe de 186.626 euros

## CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas para as obras de urbanización e pavimentación da praza do Eirado do Sinal e o seu contorno



## INFORMES

### CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Estabilización de noiros na estrada AC-563" por unha contía aproximada de 923.974,88 euros
- Informe polo que se lle dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra: "Reposición da ponte sobre o río Briña en Santa María de Tebra, Concello de Tomiño", por unha contía 242.103,87 euros

### CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o balance da campaña de incendios forestais a finais de setembro de 2007

### CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre os contratos de seguros en situacións climatolóxicas adversas

### CONSELLERÍA DE TRABALLO

- Informe sobre os convenios de colaboración asinados con entidades de Arxentina e Urugui para impartición de cursos de formación profesional
- Informe sobre *Pactos Sectoriais de Estabilidade: Balance 2006 e novidades de 2007*



## O CONSELLO APROBA O PROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO PROFESIONAL DE DETECTIVES PRIVADOS DE GALICIA

- *Terá como fin a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal correspondente, a súa representación e a defensa dos intereses dos colexiados*
- *A colexiación será requisito para exercer a profesión cando o establecemento en que se exerza radique en Galicia*

O Consello da Xunta aprobou na súa xuntanza semanal o proxecto de Lei de creación do Colexio Profesional de Detectives Privados/as de Galicia. Esta foi solicitada pola Asociación Galega de Detectives Privados, e terá como fins esenciais a ordenación do exercicio da profesión dentro do marco legal correspondente, a súa representación e a defensa e promoción dos intereses profesionais dos colexiados.

Coa creación deste organismo, garantírase que o exercicio da profesión estea axustado ás normas e regras que aseguren tanto a eficacia como a eventual responsabilidade nel, e polo tanto garántese a súa última finalidade, que é a protección dos dereitos e intereses dos cidadáns. En Galicia, o exercicio da actividade profesional dos detectives privados está condicionado á posesión do correspondente título, que acredita a cualificación e habilita legalmente para o seu exercicio.

Así, o colexio profesional crearase como corporación de dereito público, que desenvolverá a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma e adquirirá personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins coa constitución dos seus órganos de goberno. Poderán integrarse nel as persoas que posúan o diploma de detective privado, e, transitoriamente, as que non teñan este título pero estean habilitados polo Ministerio de Interior para o exercicio destas funcións e o soliciten dentro dos dous anos seguintes á entrada en vigor desta lei. A colexiación será requisito para exercer a profesión cando o establecemento en que se exerza radique en Galicia.

### **Estatutos**

A Asociación Galega de Detectives Privados designará unha Comisión Xestora que, no prazo de seis meses a partir da entrada en vigor da lei, aprobará uns estatutos provisionais do colexio profesional, nos que se deberá regular a convocatoria e o funcionamento da asemblea colexial constituínte, da que formarán parte todos os profesionais que poidan adquirir a condición de colexiados.

Esta asemblea constituínte elaborará e aprobará –nun prazo de seis meses desde a aprobación dos estatutos provisionais- os estatutos definitivos do colexio, nos que se integrará o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e se



elixirán os membros dos órganos colexiais de Goberno. A aprobación definitiva deste texto será competencia do Consello da Xunta.

### **Relevancia da profesión**

O texto aprobado hoxe polo Consello destaca que a actividade profesional do detective privado se caracteriza pola importancia crecente desta profesión, así como pola súa especial relevancia pública, necesitada dunha protección de interese xeral por ser una actividade encamiñada ao servizo dos cidadáns que, ademais, se cualifica pola Lei 23/1992 como de colaboración coa seguridade pública.

Desta maneira, existe un interese público xa que a actividade dos detectives privados, dentro da seguridade privada, redunda no interese social da cidadanía ao desenvolver un labor que responde á necesidade de obtención de información da sociedade actual, e incide nos dereitos fundamentais.



## **POLÍTICA TERRITORIAL INVESTIRÁ 7,8 MILLÓNS DE EUROS NO ACONDICIONAMENTO QUE UNE O PARQUE TECNOLÓXICO E MACEDA**

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polas obras de acondicionamento da estrada OU-101 no treito que vai desde o acceso ao Parque Tecnolóxico ata Maceda.

As obras levaranse a cabo ao longo de 15 quilómetros de percorrido da estrada que atravesa os termos municipais de San Cibrao das Viñas, Pereiro de Aguiar, Paderne de Allariz e Maceda.

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes investirá un total de 7.851.000 euros na mellora da citada estrada, dos cales, algo máis de 822.000 euros corresponden ao pagamento de expropiacións de 749 predios afectados.

Esta actuación forma parte da mellora dos accesos ao contorno urbano de Ourense.



## APROBADOS OS NOVOS ESTATUTOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

- *Modifícanse 46 artigos e disposicións co obxectivo de adecuar a norma estatutaria da Universidade da Coruña ás modificacións introducidas na Lei orgánica de universidades pola reforma de abril deste ano*
- *A institución herculina convértese na primeira das universidades do Sistema Universitario de Galicia e nunha das primeiras de España en adaptar os seus estatutos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto polo que se modifica o Decreto 101/2004, do 13 de maio, polo que se aproban os estatutos da Universidade da Coruña. A Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades, establece que as universidades adaptarán os seus estatutos conforme o disposto na dita lei nun prazo máximo de tres anos. A institución universitaria herculina presentou ante a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a proposta de reforma parcial dos seus estatutos, aprobada polo seu claustro universitario na sesión do 29 de maio de 2007, para a correspondente aprobación e publicación por parte da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta modificación afecta 46 artigos e disposicións dos estatutos vixentes ata agora e ten como principal finalidade adaptar a norma estatutaria da Universidade da Coruña ás modificacións introducidas na Lei orgánica de universidades pola reforma de abril deste ano.

Deste xeito, a institución herculina convértese na primeira das universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que adapta os seus estatutos segundo o requirido na Lei Orgánica 4/2007, de 12 de abril, pola que se modifica a Lei Orgánica de Universidades.

En canto á estrutura académica da Universidade da Coruña, os novos estatutos establecen que esta estará integrada por facultades, escolas, departamentos, institutos universitarios de investigación e outros centros, incluídos os que organicen ensinanzas en modalidade non presencial.

Esta reforma está guiada pola vontade de potenciar a autonomía das universidades de acordo co principio impulsado pola Unión Europea que procura a modernización das universidades europeas co fin de convertelas en axentes activos para a transformación de Europa nunha economía plenamente integrada na sociedade de coñecemento.





## EDUCACIÓN ESTABLECE O CURRÍCULO DAS ENSINANZAS PROFESIONAIS DE DANZA E O ACCESO A ESTES ESTUDOS

- *O alumnado poderá acceder a calquera dos seis cursos que conforman estas ensinanzas mediante unha proba específica*
- *A Administración educativa fomenta a flexibilización destes estudos a través desta medida e da creación da matrícula excepcional, que permite ampliación de matrícula ao curso seguinte*
- *A Consellería regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente estas ensinanzas e a ESO e o bacharelato*

O Consello da Xunta aprobou o decreto polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de danza e se regulan os criterios de acceso a estas ensinanzas. Esta normativa é de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia, nos conservatorios profesionais desta disciplina e nos centros autorizados que contén coa autorización para impartir o grao profesional de danza. Este curso implántanse os catro primeiros cursos destas ensinanzas, segundo o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo.

Esta normativa vén establecida pola Lei Orgánica de educación (LOE). Os dous restantes cursos implantaranse na próxima anualidade, 2008/09.

As ensinanzas profesionais de danza teñen como finalidade proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da danza. Así, a súa finalidade ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores. A ensinanza da danza no grao profesional organízase nun grao de seis cursos de duración.

Estas ensinanzas teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as seguintes capacidades: habituarse a observar a danza asistindo a manifestacións relacionadas con ela, e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos; desenvolver a sensibilidade artística e o criterio como fonte de formación e enriquecemento persoal; e analizar e valorar a calidade da danza.

Ao mesmo tempo, as ensinanzas profesionais de danza buscan fomentar no alumnado o coñecemento dos valores da danza; a participación en actividades de animación dancística e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o goce da danza; o emprego con precisión do vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da danza; así como o coñecemento e a valoración do patrimonio dancístico



como parte integrante do patrimonio histórico e cultural. Neste senso, estes estudos contribuirán a fomentar a utilización do patrimonio dancístico e musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación artística.

Deste xeito, e como novidade, incorpórase a materia de danza galega como materia común ás tres especialidades: danza clásica, danza contemporánea e danza española. A introdución desta materia en todas as especialidades do grao profesional responde á necesidade de que os futuros bailaríns ou bailarinas coñezan a danza tradicional como parte da cultura e da sociedade dos pobos. Así, entendida como un complemento máis da súa formación, a danza galega axuda o alumnado a desenvolver o seu sentido rítmico, o seu estilo e a súa destreza técnica e coreográfica, ademais de fomentar o seu interese polas danzas tradicionais, primeira forma de expresión da persoa a través do movemento.

As outras materias comúns a todas as especialidades son Música, Acondicionamento físico, Anatomía aplicada á danza, e Historia da danza. Ademais, dentro de cada especialidade o alumnado cursará unha serie de materias propias de cada unha delas. As materias optativas terán como finalidade complementar o currículo das ensinanzas profesionais, e o alumnado cursará, polo menos, dúas destas materias no sexto curso destes estudos.

### **Acceso mediante proba específica**

Este decreto establece que para acceder ao primeiro curso das ensinanzas profesionais de danza cumprirá superar unha proba específica de acceso, mediante a que se valorará a madurez, as aptitudes e os coñecementos para cursar con aproveitamento estes estudos. Como novidade, poderá accederse tamén a calquera outro curso das ensinanzas profesionais sen ter cursado os anteriores sempre que, a través dunha proba, a persoa aspirante demostre posuír os coñecementos necesarios. Así, a admisión de alumnado estará sometida aos principios de igualdade, mérito e capacidade, e supeditada ás cualificacións obtidas nas probas de acceso.

En canto á matriculación, o alumnado que curse máis dunha especialidade nas ensinanzas profesionais non terá que cursar as materias comúns. Tamén como novidade, o Consello Escolar de cada centro autorizará con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte aos alumnos e ás alumnas que, logo de orientación do profesorado, así o soliciten, sempre que o informe da totalidade dos membros do profesorado do alumno ou da alumna xustifique a súa axeitada capacidade de aprendizaxe do curso actual e do que aspire a acceder.

A posibilidade de acceder a calquera curso das ensinanzas profesionais de danza mediante proba específica, así como a incorporación da matrícula excepcional, son



dous aspectos que avanza na flexibilización destes estudos, facilitando o acceso do alumnado desde calquera tramo das ensinanzas que estea cursando.

O alumnado pasará ao curso superior cando teña superadas as materias cursadas ou teña avaliación negativa, como máximo, en dúas materias. No suposto de materias pendentes referidas á práctica da danza, a súa recuperación deberá realizarse na clase do curso seguinte, se forma parte del. No resto dos casos, o alumnado deberá asistir ás clases das materias non superadas no curso anterior. Neste senso, a cualificación negativa en tres ou máis materias dun curso ou de varios impedirá que o alumnado pase ao curso seguinte.

O alumnado que supere as ensinanzas profesionais de danza obterá o título profesional de danza, onde constará a especialidade cursada. Este decreto establece como novidade que quen finalice as ensinanzas profesionais de danza obterá o título de bacharel se supera as materias comúns do bacharelato, aínda que non realizara o bacharelato da modalidade de artes na súa vía específica de danza.

### **Simultaneidade con outras ensinanzas**

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria regulará as medidas necesarias para que o alumnado poida cursar simultaneamente as ensinanzas profesionais de danza e a educación secundaria obrigatoria (ESO) e o bacharelato. Así, esta regulación deberá abordar a adopción de medidas de organización e de ordenación académica que inclúan, entre outras, as validacións, as adaptacións curriculares e as condicións para o desenvolvemento dunha oferta integrada das ensinanzas reguladas neste decreto e as correspondentes á ESO e ao bacharelato.

Como medidas de apoio ao currículo, a Administración educativa galega ofertará actividades de formación permanente do profesorado; impulsará a investigación, a experimentación e a innovación educativas mediante a convocatoria de axudas a proxectos específicos; e favorecerá a elaboración de materiais de apoio ao profesorado.

Outro aspecto novo que introduce este decreto é o establecemento da cualificación extraordinaria de matrícula de honra e do premio de fin de grao como recoñecemento ao alumnado con mellor expediente académico.



## O GOBERNO GALEGO E O MINISTERIO DE TRABALLO DEDICAN MÁIS DE 9 MILLÓNS DE EUROS PARA EQUIPAMENTOS DE SERVIZOS SOCIAIS EN GALICIA

▪ *As corporacións locais recibirán máis de 68 millóns de euros para o desenvolvemento das prestacións básicas de servizos sociais*

O Goberno galego, na súa xuntanza desta mañá, autorizou a sinatura dun convenio de colaboración entre a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta e o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais para financiar o investimento en equipamentos de Servizos Sociais en Galicia. En virtude deste acordo, o Ministerio achega 3,5 millóns de euros e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar 5.745.274 para a mellora dos equipamentos de servizos sociais en Galicia destinados a persoas maiores e a persoas con discapacidade. En concreto, estes cartos irán destinados á construción, acondicionamento e equipamento de 26 centros de día para persoas en situación de dependencia. Estes centros atópanse en distintas fases de construción.

O Consello da Xunta de hoxe autorizou, ademais, a sinatura dun protocolo adicional como anexo ao convenio-programa para o desenvolvemento de prestacións básicas de servizos sociais das corporacións locais, subscrito entre o Ministerio de Traballo e a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. O protocolo adicional que agora se asina recolle a dotación económica para este programa dentro do exercicio económico de 2007. A Xunta de Galicia achega 9.946.383 euros, o Ministerio 7.937.745 euros e as administracións locais achegan 50.452.293 euros.

Entre as prestacións básicas que desenvolverán os concellos, en virtude deste convenio, inclúense actividades de información e orientación, axuda a domicilio, prevención e inserción e aloxamento e convivencia. Ademais financiarase a dotación e mantemento de centros sociais, albergues ou casas de acollida.



## A XUNTA ACORDA O INICIO DA REALIZACIÓN DO PLAN DE INTERESE SUPRAMUNICIPAL PARA A IMPLANTACIÓN DO PROXECTO CIDADE DO MAR NAS INSTALACIÓNS DA ETEA

- *Este complexo dotacional conta cun investimento de preto de 100 millóns de euros cunha superficie edificada de máis de 35.000 metros cadrados*
- *A Cidade do Mar, proxecto do Goberno galego coordinado pola Consellería de Educación, permitirá aglutinar os máis de 125 grupos de investigación mariña que existen en Galicia e integrar en estratexias e obxectivos comúns as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dentro do ámbito mariño dispoñibles na Comunidade Autónoma*
- *Potenciaranse, deste xeito, as áreas de alta competencia investigadora de Galicia relacionadas coas ciencias e tecnoloxías mariñas*
- *Optimizarase o uso de recursos, o desenvolvemento de masa crítica e o progreso na investigación mediante plataformas multidisciplinares e a colaboración interinstitucional*
- *A recuperación do espazo da ETEA vai supoñer o potenciamento da apertura ao mar do espazo urbano de Vigo*

O Consello da Xunta acordou, na súa reunión de hoxe, o inicio da realización do Plan de Interese Supramunicipal para a implantación do proxecto Cidade do Mar nas instalacións da ETEA, en Vigo. Así, regúlase a implantación deste complexo dotacional nas instalacións do predio da antiga Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA), na cidade olívica. A instalación da Cidade do Mar en Vigo permitirá que esta cidade se converta nunha referencia europea dentro do ámbito da investigación mariña, xa que o complexo daralles cabida aos máis de 125 grupos de investigación nesta materia que existen actualmente na Comunidade Autónoma, con preto de 1.000 investigadores.

Este complexo dotacional, que pretende situar Vigo no liderado europeo da investigación mariña, contará cun investimento de preto de 100 millóns de euros e cunha superficie edificada de máis de 35.000 metros cadrados.

Paralelamente, a Cidade do Mar, proxecto do Goberno galego coordinado pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, permitirá integrar en estratexias e obxectivos comúns as capacidades científicas e tecnolóxicas máis competitivas dentro do ámbito mariño dispoñibles en Galicia, ao tempo que facilitará o potenciamento das áreas de alta competencia investigadora dentro do ámbito mariño. Paralelamente, a Cidade do Mar permitirá optimizar o uso dos recursos, o desenvolvemento de masa crítica e o progreso na investigación mediante plataformas multidisciplinares e a colaboración interinstitucional en materia de I+d+i.



### **Novo mapa de centros e infraestruturas tecnolóxicas**

A instalación da Cidade do Mar en Vigo responde ao obxectivo xeral da Xunta de Galicia de deseñar un novo mapa de centros e infraestruturas científicas e tecnolóxicas que consoliden as capacidades estratéxicas de investigación mariña galega. Neste marco, a Xunta propiciou xa, en colaboración co Ministerio de Educación e Ciencia, diferentes accións encamiñadas a establecer en Galicia grandes infraestruturas e recursos científico-tecnolóxicos co fin de materializar este obxectivo xeral.

Así, en outubro de 2006, asinouse un protocolo que tiña como finalidade desenvolver o Centro de Investigacións Mariñas do Atlántico como unidade investigadora de excelencia e outorgarlle a este centro unha perspectiva multidisciplinar e transaccional. Este centro vai integrar as capacidades científicas máis competitivas existentes en Galicia no ámbito do CSIC, as universidades do Sistema Universitario de Galicia e outras entidades públicas de investigación galegas.

A III Conferencia de Presidentes, que tivo lugar en en xaneiro, ratificou a creación e dotación da Unidade de Tecnoloxía Oceanográfica na cidade de Vigo no marco do Mapa español de instalacións científicas e tecnolóxicas singulares. Esta grande infraestrutura constituirase como unha unidade técnica que lle proporcionará o soporte loxístico e tecnolóxico á frota oceanográfica, conformándose como a base portuaria para o Atlántico Norte dos buques de investigación mariña.

Así, dentro desta liña de traballo, a Xunta de Galicia coa colaboración do Ministerio de Educación e Ciencia propúxose desenvolver na cidade de Vigo un Campus Científico-Tecnolóxico denominado Cidade do Mar, que ten como misión desenvolver a potencialidade e a competencia en investigación mariña de Galicia.

### **Espazo urbano que proxecte o valor do mar**

Polo tanto, logo de que se asinara un convenio entre a Xunta e o Consorcio Zona Franca de Vigo, entidade propietaria do predio da ETEA cómpre agora articular, tal e como se desprende do texto do acordo autorizado hoxe polo Consello da Xunta, un proxecto científico-tecnolóxico de desenvolvemento e integración urbana nunha zona de especial interese paisaxístico e social configurando un espazo urbano que proxecte social, económica e culturalmente o valor do mar como ecosistema e recurso estratéxico de Galicia.

Polo tanto, este proxecto de repercusión internacional, que non ten unicamente unha dimensión científica senón que tamén vai supoñer a potenciación da apertura ao mar do espazo urbano de Vigo e a recuperación de lugares e dotacións de infraestruturas e servizos para o disfrute dos habitantes da cidade.



A colaboración entre o Goberno de España e o Goberno da Xunta de Galicia propiciará que a Cidade do Mar se converta nunha realidade que integre, nun mesmo espazo, centros como o Centro Atlántico de Investigacións Mariñas; a Unidade de Tecnoloxía Mariña; o Centro de Posgrao e Divulgación da Investigación Mariña; o Centro de Xestión de Tecnoloxía e Innovación Empresarial; a Unidade Técnica de Innovación na Xestión de Recursos Mariños; o Centro de Estudos de Socioeconomía Pesqueira; e que prevé, no futuro, a incorporación doutras infraestruturas como o Laboratorio Comunitario de Referencia de Biotoxinas Mariñas.



## A XUNTA DE GALICIA E A JUNTA DE ANDALUCÍA CEDERANSE SOFTWARE DE PLATAFORMAS DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

- *Impulsarase e apoiarase a modernización da Administración local*
- *A Xunta aposta tamén pola mellora e pola innovación nas relacións cos cidadáns*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e a Junta de Andalucía polo que ambas comunidades se cederán, de forma indefinida e sen cargo ningún, o software das plataformas de administración electrónica das que teñan o dereito de cesión. Ademais, a Xunta e o Goberno andaluz manteranse informados das modificacións, ampliacións e adaptacións que se puideran realizar sobre o software orixinal e entregarán unha copia se así fose requirido.

Por iso, ambas as partes se comprometen tamén a buscar os mecanismos de cooperación que permitan fomentar e dirixir actuacións encamiñadas a informar e a achegar os medios da administración electrónica aos cidadáns. As dúas comunidades pretenden, a través deste convenio, impulsar e apoiar a modernización da Administración local.

De feito, ambos os gobernos autonómicos teñen experiencia neste terreo e apostan pola implantación de servizos ao cidadán a través da e-administración. Ademais, o Goberno galego aposta pola mellora e pola innovación nas relacións cos cidadáns a través do desenvolvemento de medios e de solucións de acceso a internet e a outras canles. Así, a modernización da Administración é unha prioridade da Xunta de Galicia, tanto a través de tecnoloxías da información e da comunicación como desenvolvendo solucións que promovan a transparencia, a participación cidadá e a mellora continua na xestión.

Formarase unha comisión de seguimento, integrada por representantes de ambas as dúas administracións autonómicas, para resolver os problemas de interpretación e cumprimento deste convenio, para propoñer modificacións e para dar conformidade a posibles adhesións de entidades locais.





## A XUNTA DE GALICIA APOIARÁ ACTUACIÓNS DE MODERNIZACIÓN COMERCIAL NO CONCELLO DA CORUÑA

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello da Coruña para a modernización de equipamentos e zonas comerciais*
- *Innovación e Industria achegará máis de 300.000 euros para estas actuacións*

A Consellería de Innovación e Industria subvencionará varias actuacións de modernización en equipamentos e zonas comerciais do Concello da Coruña. A Consellería de Innovación e Industria e o Concello da Coruña asinarán un convenio para este fin mediante o cal este departamento do Goberno galego achegará 302.337 euros, o 70% do investimento preciso para acometer as obras.

En concreto, os proxectos de mellora comercial previstos son a pavimentación da rúa Torreiro, obra á que se destinará un importe total de 170.000 euros; da rúa Barrena, para a que se contempla un investimento de 164.776 euros; e do contorno da praza de Lugo, que requirirá 97.135 euros de orzamento.

Estas actuacións encádranse no Plan de renovación e mellora do comercio galego da Consellería de Innovación e Industria, que no seu programa de vertebración do comercio urbano destina este ano 10 millóns de euros á mellora de instalacións, á dotación de novos equipamentos urbanos e á intervención en prazas de abastos para a posta en marcha de novos servizos e novas formas de funcionamento e xestión.



## INNOVACIÓN E INDUSTRIA COLABORARÁ COA ASOCIACIÓN PUNTOGAL PARA IMPULSAR O DOMINIO GALEGO EN INTERNET

▪ *O departamento autonómico achegará 186.000 euros para desenvolver todas as actuacións precisas para a consecución do .Gal*

A Consellería de Innovación e Industria e a *Asociación PuntoGal* asinarán un convenio de colaboración para o impulso do dominio *.Gal*, no marco das políticas que está a desenvolver o departamento autonómico para promover a Sociedade da Información en Galicia. No caso de acadarse, baixo este dominio en internet, poderán rexistrarse aquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e/ou fomenten a cultura do país.

En virtude deste convenio, que foi autorizado hoxe polo Consello da Xunta, a consellería achegará 186.000 euros para a realización de todas as xestións precisas para que o ICANN (*Internet Corporation for Assigned Names and Numbers*) aprobe o dominio galego. Deste xeito, esta achega será empregada nos gastos ocasionados pola realización de traballos técnicos e os custos que o propio ICANN impoña para poder presentar a candidatura galega. De igual xeito, contrataranse os servizos de apoio técnico e de apoio de carácter administrativo para a candidatura, e editaranse os materiais promocionais necesarios.

Ademais, garántese a presenza da Asociación PuntoGal nos actos internacionais promovidos polo ICANN (Encontros de Lisboa, San Juan de Puerto Rico ou Los Ángeles, por citar algúns exemplos) e a contratación de casetas dentro da campaña promocional do dominio galego.



## **O GOBERNO GALEGO ACORDA DECLARAR DE UTILIDADE PÚBLICA ZONAS DE MONTES VECIÑAIS DO CONCELLO DE BARRO PARA O PLAN DE SECTORIALIZACIÓN DUN POLÍGONO INDUSTRIAL**

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería do Medio Rural, declarou a prevalencia de utilidade pública do proxecto denominado Plan de sectorialización SRAU industrial Outeda-Curro, sobre a dos montes veciñais en man común das comunidades de Agudelo, Portela e Curro, promovida polo Concello de Barro, segundo acordou o Consello da Xunta. En concreto, trátase dos montes “Goimil e Os Casas”, “Vilaverde” e “Outeda”.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais ratificou un informe positivo da delegación provincial do Medio Rural, elaborado despois de que se lles comunicara o expediente ás comunidades afectadas, que manifestaron o seu acordo.

Este trámite de declaración de utilidade pública é preceptivo logo de aprobación definitiva do Plan de sectorialización do solo urbanizable industrial Outeda-Curro, acordado mediante Pleno da Corporación municipal de Barro e remitido á Dirección Xeral de Urbanismo, xa que a aprobación dos instrumentos de ordenación urbanística implica a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins de expropiación ou imposición de servidumes.

En total, veranse afectadas 0,66 ha da comunidade de montes veciñais en man común de Agudelo; 12,26 has da CMVMC de Vilaverde e 26,9 has da CMVMC de Curro, todas elas pertencentes ao Concello de Barro.



## **A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL INVESTIRÁ 100.000 EUROS NA POSTA EN VALOR DE CAMIÑOS DO MONUMENTO NATURAL COSTA DE DEXO-SERANTES (OLEIROS)**

- *O proxecto pretende recuperar os camiños tradicionais no contorno deste espazo natural co obxecto de reconducir o fluxo de visitantes e mellorar o acceso ás explotacións agrícolas existentes*

A Consellería do Medio Rural desenvolverá unha actuación para poñer en valor os camiños vinculados ao uso público tradicional do monumento natural da Costa de Dexo-Serantes, enmarcada no Programa estratéxico de infraestruturas (PEIM), cun investimento plurianual de 100.029 euros, tal como acordou o Consello da Xunta.

O Consello da Xunta aprobou a sinatura dunha addenda ao convenio de cooperación asinado entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Oleiros para a execución destas obras, cunha nova distribución das anualidades orzamentarias (10.003 en 2007 e 90.026 en 2008) como consecuencia do resultado dun informe positivo que considera as actuacións compatibles coa conservación do espazo declarado como de especial protección dos valores naturais e monumento natural Costa de Dexo.

O proxecto pretende recuperar os camiños tradicionais no contorno deste espazo natural co obxecto de reconducir o fluxo de visitantes e mellorar o acceso ás explotacións agrícolas existentes. Define catro áreas de actuación: Faro de Mera; enseada de Fontenla, Illa de Montemeán e enseada de Canaval; contorno de Seixo Branco e a zona comprendida entre Punta Porrido e Punta Robaleira.

O Programa estratéxico de infraestruturas no medio rural prevé a realización de proxectos en todos os concellos de Galicia, desenvolvidos de acordo cuns criterios de dinamización da base produtiva, co obxectivo de dignificar e mellorar a calidade de vida da poboación; de infraestruturas de servizos básicos como abastecementos de auga domiciliaria, saneamentos, pontes, camiños agrícolas ou pistas rurais; así como aqueles de singular natureza que entren nas competencias da consellería.



## SANIDADE DESTINARÁ 66.000 EUROS PARA PROMOVER A INVESTIGACIÓN NO ÁMBITO DAS DROGODEPENDENCIAS

- *Este departamento do Goberno autonómico subscribirá un convenio de colaboración coa Delegación Galega da Sociedade Científica Española de Estudos sobre Alcohol, Alcoholismo e outras Toxicomanías (Socidroalcohol)*

A Consellería de Sanidade, o Servizo Galego de Saúde e a Sociedade Científica Española de Estudos sobre Alcohol, Alcoholismo e outras Toxicomanías (*Socidroalcohol*) asinarán un convenio de colaboración, por un importe de 66.000 euros en dúas anualidades, co fin de promover a investigación no ámbito das drogodependencias, facilitando unha formación específica nesta materia e a difusión dos traballos de investigación. Este convenio recibiu hoxe a preceptiva autorización por parte do Consello da Xunta de Galicia.

*Socidroalcohol* é unha entidade que ten entre os seus fins o de promover o desenvolvemento de actividades científicas relacionadas co alcohol e outras drogas, co alcoholismo, toxicomanías e condutas dependentes afíns. Con este obxectivo, periodicamente programa e organiza cursos e seminarios, así como actos ou reunións científicas en materia de drogodependencias que conforman un marco de debate e posta ao día de coñecementos e investigacións sobre estas materias.

A Subdirección Xeral de Saúde Mental e Drogodependencias do Servizo Galego de Saúde considera esencial o establecemento de accións como a que hoxe autorizou o executivo galego, tendentes a un mellor coñecemento da problemática da dependencia do alcohol e outras drogas no ámbito de Galicia.

A través deste acordo, *Socidroalcohol* comprometerase a promover accións para mellorar a formación e investigación no eido das drogodependencias en Galicia, e a preparar os programas de cursos e seminarios e de xornadas científicas, así como de seleccionar a comunicación das investigacións sobre a referente materia.



## **PESCA INVESTIRÁ MÁIS DE 320.000 EUROS NA CONSTRUCIÓN DUN NOVO DEPÓSITO DE AUGA SALGADA PARA A LONXA PESQUEIRA DE MARÍN**

- *Para levar a cabo esta actuación a Consellería e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra asinarán un acordo de colaboración*

O Goberno galego aprobou hoxe a sinatura dun acordo de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra para a construción dun novo depósito de auga salgada no porto de Marín para o uso da lonxa pesqueira desta localidade. Con esta actuación preténdese substituír o depósito actual, que se atopa totalmente obsoleto, e que os usuarios da lonxa empregan para a limpeza e preparación do produto pesqueiro, tanto para a primeira venda como para a súa posterior expedición. Para esta acción o departamento de Pesca achegará un total de 323.266,70 euros.

O acordo, que se asinará entre ambas as dúas administracións, ten por obxecto regular as bases de cooperación técnica e económica entre a Consellería e a Autoridade Portuaria para acometer as obras de construción destas instalacións nunha parcela de terreo de titularidade estatal e que se atopa na zona de servizo do citado porto. A vixencia deste convenio de colaboración estenderase ata o 30 de novembro de 2008, data na que deberán estar finalizadas e entregadas as obras.

Deste xeito, no marco do convenio a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra comprometerase a poñer a disposición da Consellería de Pesca os terreos necesarios para a execución das obras e de cedelos libres de cargas e gravames, cos usos urbanísticos e permisos e autorizacións necesarias para a súa execución. Ademais, realizará todas as xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos devanditos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, así como os gastos que estas orixinen. Así mesmo, a Autoridade Portuaria, unha vez finalizadas as obras e entregadas pola Consellería de Pesca, asumirá a súa explotación, mantemento e conservación.

Pola súa banda, Pesca será a encargada de financiar a execución das obras cun total de 323.266,70 euros para repartir en dúas anualidades: 74.014,01 no ano 2007 e 249.252,69 euros en 2008. A Unión Europea tamén participará no financiamento deste proxecto a través do Instrumento financeiro de orientación da pesca (IFOP). Pesca será o departamento responsable de levar a cabo as actuacións de contratación ou execución por administración, dirección, xestión e recepción das obras descritas no proxecto.

Ao longo dos últimos anos a Consellería de Pesca, con cargo aos fondos comunitarios destinados á pesca e asignados a Galicia, vén facendo investimentos en



infraestruturas e equipamentos nos portos pesqueiros co fin de mellorar os servizos portuarios destinados ao sector. Estas actuacións véñense realizando especialmente nos portos de competencia autonómica, pero sen esquecer os de competencia estatal situados en Galicia.

En concreto, o porto pesqueiro de Marín, onde se realizará esta obra, de competencia estatal e xestionado polo ente público Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra, conta cunha lonxa pesqueira cunha importante actividade. Nela, o pasado ano 2006, poxáronse máis de 4.000 toneladas de pesca fresca, con especies de gran calidade, e que acadaron un valor en primeira venda de 8,8 millóns de euros. Dada esta importancia, tanto a Consellería de Pesca como a Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra amosáronse moi interesadas en realizar melloras na lonxa, así como nas súas instalacións complementarias.



## **A XUNTA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NA REALIZACIÓN DE ESTUDOS NO EIDO DO SECTOR PRODUTIVO, TRANSFORMADOR E DE DEPURACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS**

- *A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos destina 195.000 euros para o desenvolvemento desta actuación*
- *Pesca a Universidade compostelá asinarán un convenio de cooperación que dá continuidade a outro suscrito en decembro do ano pasado*

O Consello da Xunta autorizou hoxe sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o asesoramento técnico en materia de investigación mariña e a realización de estudos de interese para o sector da produción, depuración e transformación de moluscos bivalvos.

Pesca achegará un total de 195.000 euros para esta cooperación, con cargo aos orzamentos xerais de Galicia de 2007 e 2008. De feito, neste exercicio destinaranse 100.000 euros a esta actuación, mentres que o vindeiro ano serán 95.000 euros. O protocolo estará vixente ata o 31 de decembro de 2008, se ben poderá ser prorrogado ou renovado, logo de acordo das partes, en función das necesidades, dos resultados obtidos e do crédito orzamentario. Cómpre sinalar que, para velar polo bo desenvolvemento do convenio, se crea unha comisión mixta paritaria integrada por representantes da consellería e da universidade compostelá.

Coa subscrición deste acordo de colaboración dáse continuidade a un intercambio de experiencias iniciado o ano pasado, xa que en decembro de 2006 a USC e Pesca asinaron un protocolo para comprobar a viabilidade dunha serie de estudos relativos á produción, transformación e depuración de moluscos bivalvos. Como continuación destas investigacións, a consellería considera de grande importancia afondar nos coñecementos acadados, comprometéndose a universidade a realizar os estudos recollidos no devandito convenio achegando os medios necesarios e a proporcionarlle á consellería toda a información solicitada, á vez que realizará o asesoramento técnico en materia de investigación mariña para o que fose requirido por Pesca.

Así, ao abeiro do novo acordo realizaranse os seguintes estudos: "Avaliación de novas técnicas de depuración de moluscos bivalvos"; "Efectos das actividades antrópicas na actividade de depuración de moluscos bivalvos vivos"; e "Técnicas analíticas, dinámica de contaminación e solucións tecnolóxicas para o control de *Listeria monocytogenes* nas plantas de procesamento de moluscos". Ademais, desenvolverase unha actividade sobre "Caracterización morfolóxica e bioquímica de *Salmonella senftenberg*. Estudo comparado das cepas ambientais e clínicas. Busca de solucións tecnolóxicas para a eliminación de posibles contaminacións".





### **Obxectivos dos estudos**

O estudo sobre “Avaliación de novas técnicas de depuración de moluscos bivalvos” propónse comparar as diferentes opcións de depuración da especie sinalada existentes nas empresas galegas, considerando os tres sistemas de eliminación de carga bacteriana da auga (cloro, ultravioleta combinado con ozono e sistema mecánico de skimmer) e tendo en conta os dous compoñentes estruturais básicos, piscinas e depósitos de plástico. Ademais, preténdese analizar a influencia dalgúns factores tales como a situación espacial do molusco, a especie, os parámetros fisicoquímicos da auga e a posible influencia dos procesos de recontaminación.

A actuación “Efectos das actividades antrópicas na actividade de depuración de moluscos bivalvos vivos” quere valorar a influencia das diferentes actuacións humanas próximas aos centros de depuración. Por esta razón teranse en conta cuestións como o tratamento de augas residuais procedentes de redes urbanas, industrias potencialmente conflitivas polo tipo de efluentes emitidos ao medio e actividades gandeiras e agrícolas, entre outras. A análise comparativa entre a toma de mostras do medio natural onde os centros de depuración collen a súa auga e a toma de mostras de auga do mar tratada nos propios centros, permitirá detectar os posibles efectos globais e puntuais que as diferentes actividades humanas poden ter na seguridade alimentaria dos bivalvos comercializados.

Por outra banda, a actividade sobre “Técnicas analíticas, dinámica de contaminación e solucións tecnolóxicas para o control de *Listeria monocytogenes* nas plantas de procesamento de moluscos” tratará de desenvolver medidas eficaces para o control da contaminación por *Listeria* nas fábricas de procesamento de mexillón. Finalmente, o estudo “Caracterización morfolóxica e bioquímica de *Salmonella senftenberg*. Estudo comparado das cepas ambientais e clínicas. Busca de solucións tecnolóxicas para a eliminación de posibles contaminacións” continuará coas investigacións realizadas nos anos 2004 e 2005 vinculadas á relación da *Salmonella senftenberg* co medio mariño en Galicia. Cabe sinalar que este microorganismo foi detectado no ano 1997 durante a realización de controis rutineiros nas plantas de procesamento de mexillón.



## **A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO COLABORARÁN NO DESENVOLVEMENTO DE ESTUDOS E NO SEGUIMENTO DE INDUSTRIAS PARA A PREVENCIÓN E CONTROL DA CONTAMINACIÓN**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre ambos os organismos que permitirá á Consellería de Medio Ambiente contar coa cooperación de investigadores da USC para comprobar o cumprimento na redución de emisións das empresas potencialmente contaminantes*
- *O convenio enmárcase na aplicación da Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia, no ámbito da autorización ambiental integrada que tramita a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental tendo en conta os valores límite de emisións*

A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Universidade de Santiago (USC) colaborarán na realización dunha serie de accións de control e seguimento das industrias para a aplicación da Lei de prevención e control integrados da contaminación en Galicia. O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Manuel Vázquez e a USC, que permitirá realizar estudos técnicos de proxectos así como informes e seguimento do cumprimento na redución de emisións nas empresas potencialmente contaminantes.

Estas accións enmárcanse na implantación da Lei 16/2002, de prevención e control integrados da contaminación en Galicia, no ámbito da que se desenvolve a autorización ambiental integrada; unha resolución que emite a Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente en función dos valores límite de emisión (VLE) das empresas. Este convenio permitirá complementar os medios materiais e persoais da Consellería e da USC, de xeito que os investigadores expertos na materia dos que dispón a universidade emitirán informes sobre proxectos ou sobre empresas en funcionamento, que se terán en conta á hora de conceder a autorización ambiental integrada.

A Consellería de Medio Ambiente investirá 186.626 euros na posta en marcha das actuacións previstas no convenio, que se distribuirán en tres anualidades entre 2007 e 2009. A Consellería e a USC xa asinaron outro convenio de similares características co obxectivo de comprobar a implantación axeitada desta normativa nas empresas galegas, que agora terá continuidade con esta nova liña de colaboración, mediante a que se prestará especial atención ao seguimento das empresas que están en funcionamento, co fin de comprobar que cumpren cos parámetros de emisións.



### **Accións**

Entre as accións que se van desenvolver están a realización de estudos técnicos dos proxectos de novas instalacións e de modificación das existentes, para analizar en que medida lles afecta a normativa de prevención e control integrado da contaminación e establecer as melloras técnicas dispoñibles, que sentarán a base dos valores límites de emisión (VLE) das empresas.

Os investigadores da USC tamén desenvolverán estudos que permitan establecer niveis de referencia en valores límites de emisión e realizarán o seguimento das emisións procedentes das instalacións que contan con autorización ambiental integrada, co obxectivo de establecer as melloras técnicas que permitan aproximarse aos valores de referencia establecidos. Así mesmo, encargaranse de analizar os mecanismos de corrección das emisións industriais nas empresas.

Outra parte do traballo destinarase á elaboración de documentos de formación, divulgación e concienciación, mediante o que a Consellería de Medio Ambiente e a USC elaborarán guías informativas e achegarán á industria, e en especial ás pequenas e medianas empresas, información relacionada coas tecnoloxías limpas.



## **A CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO INVISTE 232.000 EUROS NA REURBANIZACIÓN DA PRAZA EIRADO DO SINAL E O SEU CONTORNO NA ZONA VELLA DO CONCELLO DE CANGAS**

- *O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a consellería e o concello*
- *As obras de mellora consistirán fundamentalmente na pavimentación en pedra da praza, a colocación de novas canalizacións dos servizos de abastecemento e novo iluminación*

A Consellería de Vivenda e Solo inviste 232.000 euros nas obras de reurbanización da praza Eirado do Sinal e o seu contorno na Zona Vella do Concello de Cangas. O obxectivo é a completa urbanización deste espazo público que ten unha superficie de 1.000 metros cadrados, mellorándoo desde o punto de vista urbanístico e estético para convertelo nun espazo que poidan desfrutar os veciños.

O Consello da Xunta autorizou na súa xuntanza de hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Cangas para levar a cabo esta actuación, que suporá un investimento total de 289.900 euros dos cales a Consellería achega o 80 por cento do total.

As obras de mellora consistirán na pavimentación en pedra da praza e a eliminación das beirarrúas existentes para amplialas e executalas en pedra, e crearase unha zona de carga e descarga na entrada á praza. Por outra banda, executaranse todos os servizos de abastecemento, colocando novas canalizacións, e deixaranse previstas as conexións para cada unha das vivendas cuxa fachada dá á praza Eirado do Sinal para que se poidan conectar por vía subterránea ás novas canalizacións: electricidade, abastecemento de auga, telefonía, rede de sumidoiros, pluviais e canalización para luz pública.

Ademais, colocaranse bancos, iluminación a nivel do chan, farolas e vexetación para humanizar a praza e o contorno. Tamén se creará un carril de acceso e de circulación na prolongación da rúa Méndez Núñez se sinalizará a praza como peatonal preferente.

Esta actuación enmárcase dentro da liña de traballo da Consellería de Vivenda e Solo de fomentar a renovación e recuperación dos centros históricos ou doutros tecidos urbanos degradados. Neste caso en concreto da zona vella de Cangas, o obxectivo é que as obras sirvan como impulso á rehabilitación do conxunto das edificacións por parte dos particulares, e para futuras actuacións que repercutirán na mellora do conxunto do concello de Cangas e os seus espazos públicos.



## **POLÍTICA TERRITORIAL DÁ CONTA DO GASTO DE 1,6 MILLÓNS DE EUROS EN OBRAS DE EMERXENCIA NA CORUÑA E PONTEVEDRA**

- *Este departamento autonómico informou ata o de agora do investimento de máis de 18,3 millóns de euros en obras de emerxencia de reparación de estradas de titularidade autonómica e municipal*

A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes deu hoxe conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia de obras de reparación acometidas en estradas da Coruña e Pontevedra que se viron afectadas polas choivas de outubro e novembro do pasado ano. A estas actuacións destináronse máis de 1,6 millóns de euros, que se engaden ás obras tamén de emerxencia das cales xa se deu conta en anteriores reunións do Consello da Xunta.

As obras declaradas de emerxencia pola CPTOPT das que hoxe se deu conta son a estabilización de noiros na estrada AC-563 no concello de Cabanas e a reposición da ponte sobre o río Briña en Santa María de Tebra, no concello de Tomiño.

Esta é décimo segunda reunión do Consello da Xunta na cal a CPTOPT dá conta de obras de emerxencia. Ata o de agora estas actuacións suman un investimento total de máis de 18,3 millóns de euros destinados a reparacións tanto de estradas de titularidade autonómica como municipais.



## A CAMPAÑA CONTRA INCENDIOS PÉCHASE CUNHA REDUCIÓN DO 90 POR CENTO SOBRE A MEDIA DA SUPERFICIE AFECTADA ANUAL NO PERÍODO 1997-2005

- ***Ata finais de setembro producíronse 1.689 lumes que afectaron unha superficie de 2.859 hectáreas***

Medio Rural presentou no Consello da Xunta un documento co balance da campaña contra incendios forestais que destaca que, ata finais de setembro, se produciron 1.689 lumes que afectaron unha superficie de 2.859 hectáreas. Isto supón unha redución dun 90,48% sobre a superficie media de 1997 a 2005, que estaba situada en 30.000 has/ano, e dun 84% no número de lumes, en 10.417/ano.

No balance provisional figuran o número de lumes e superficie queimada en 2007, con detalle da época de perigo alto, unha comparativa coa media anual no período 1997-2005 –excluíndo a excepcionalidade do 2006– o número de intervencións e datos sobre pluviometría acumulada mensual e temperatura, en relación coa superficie queimada. Cuantifica, ademais, a colaboración e participación social, número de detidos, causas, lumes nocturnos e outras variables do dispositivo.

A superficie afectada ata setembro de 2007 foi de 2.859 ha (755 ha de arboredo e 2.104 ha de raso), cun número de rexistros que se sitúa en 1.689 (404 na provincia da Coruña, 245 en Lugo, 599 en Ourense e 441 en Pontevedra). Ademais, o dispositivo participou en 1.305 alarmas con intervención.

O balance destaca a colaboración das agrupacións de vixilancia forestal constituídas, nas cales figuran 22 montes particulares, 37 de comunidades de montes veciñais en man común, 41 cisternas, 12 zonas de voluntariado en defensa do monte galego con 23 unidades de vixilancia e 5.808 persoas implicadas, 15 unidades de vixilancia e 23 cisternas da *Asociación Galega de Cooperativas Agrarias*, así como 35 brigadas de comunidades de montes veciñais en man común.

En canto á eficacia policial, producíronse 162 detidos cunha porcentaxe que sitúa nun 9,59% sobre os 1.689 lumes rexistrados. Entre a relación de causas máis comúns de incendios forestais figuran 321 lumes con causa descoñecida, 5 por vertedoiros de lixo, 34 por reproducións, 1.078 como intencionados, 75 por negligencia, 73 por queimas, 47 por causas naturais e 56 por outras causas.



## **PESCA IMPULSA O SEGURO DE MAL TEMPO, A ÚNICA INICIATIVA DESTAS CARACTERÍSTICAS EXISTENTE NO ÁMBITO NACIONAL E INTERNACIONAL**

- *A Consellería de Pesca subvencionará o 70 por cento do custo da póliza e beneficiaranse desta iniciativa arrastreiros de litoral e embarcacións de cerco de litoral que traballan en caladoiros nacionais, barcos de artes menores e percebeiros ou a flote*
- *Pesca achegará preto de 1,4 millóns de euros para sufragar as primas de outubro de 2007 ao mesmo mes de 2008 e a documentación poderá ser entregada ata o vindeiro 21 de outubro*

A conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos informou hoxe ao Consello da Xunta sobre o seguro de mal tempo, unha iniciativa única no ámbito nacional e internacional coa que os mariñeiros e mariscadores galegos poderán recibir indemnizacións en caso de paralización e perda da produción por mor de condicións climatolóxicas adversas.

Así, o Consello da Xunta estudou un informe sobre os contratos de seguros en situacións meteorolóxicas que impiden aos profesionais do mar saír a faenar. Neste sentido o seguro de mal tempo impulsado pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos supón o nacemento deste tipo de produtos, xa que esta cobertura non está presente no mercado de seguros nacional e internacional.

A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos publicou a finais do pasado mes de setembro no *Diario Oficial de Galicia* a orde pola que se convocan as axudas para adherirse ao seguro de mal tempo, de xeito que os interesados xa poden presentar as súas solicitudes, sendo a data límite de entrega de documentación o vindeiro 28 de outubro.

A estas subvencións accederán os tomadores da póliza que poderán ser confrarías, cooperativas do mar, organizacións de produción pesqueira (OPP) ou calquera outra entidade asociativa do sector con sede en Galicia, en nome dos seus membros que pesquen en augas do litoral galego ou lindantes con Portugal e o Cantábrico. A Consellería de Pesca sufragará o 70 por cento da achega que deberá facer o asegurado para o pagamento da prima anual e a este fin destinará unha partida de case 1,4 millóns de euros para subvencionar as primas subscritas entre outubro deste ano e o mesmo mes de 2008.

Os beneficiarios desta iniciativa poderán ser arrastreiros de litoral e embarcacións de cerco de litoral que traballan en caladoiros nacionais, barcos de artes menores e percebeiros ou a flote e terán que formalizar, antes do 1 de novembro de 2007, o seguro coa aseguradora Mapfre, a entidade seleccionada para ofertar este servizo. Para acceder a estas subvencións tamén terán que acreditar que están ao día das



súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública galega.

A creación dun seguro de mal tempo xurde do feito de que a actividade pesqueira e marisqueira está sometida a que se dean unhas condicións climatolóxicas que permitan aos profesionais desenvolver a súa actividade sen que supoña un risco para eles. A situación xeográfica de Galicia determina que a nosa comunidade teña un litoral sometido a condicións meteorolóxicas que obrigan a amarrar a frota, sen posibilidade de que os barcos poidan saír a pescar durante varios días. Esta situación implica unha falta de ingresos nas economías dos profesionais que viven da explotación dos recursos pesqueiros e marisqueiros.





## UN TOTAL DE 20.000 TRABALLADORES MÁIS TEÑEN UN CONTRATO INDEFINIDO GRAZAS AOS PACTOS DE ESTABILIDADE, ASINADOS O ANO PASADO

- *Os sectores que subscribiron compromisos de contratación indefinida rexistraron nun ano un incremento do emprego de máis de 7.500 asalariados*
- *A temporalidade nos cinco sectores con máis estacionalidade diminuíu nun ano case 5 puntos*
- *Este ano sumáronse 5 novos sectores con convenio colectivo propio aos pactos pola estabilidade*

A Consellería de Traballo informou hoxe o Consello da Xunta de que os pactos sectoriais de estabilidade impulsados polo Goberno galego o ano pasado deron como resultado que 20.000 traballadores máis conten cunha relación laboral estable coa súa empresa.

A xuízo da Consellería de Traballo, os pactos sectoriais de estabilidade funcionaron axeitadamente. En primeiro lugar, os cinco sectores de actividade que os subscribiron o ano pasado, aqueles que sofren máis estacionalidade, rexistraron un incremento entre xuño de 2006 e xuño de 2007 de 7.524 asalariados. Ademais, os traballadores con contrato temporal diminuíron en 11.891, o que supón un descenso dun 8,5%. A temporalidade media caeu case 4,9 puntos. Esta redución foi un 1,7% superior á do conxunto dos traballadores asalariados vinculados a un convenio colectivo.

Os plans de estabilidade constitúen acordos acadados a nivel autonómico, no seo do Consello Galego de Relacións Laborais, entre a CEG, UGT-Galicia, CCOO de Galicia e CIG para determinar a taxa de estabilidade que deben acadar as empresas pertencentes aos diferentes sectores de actividade, para poder acceder aos incentivos que a Consellería establece.

### **Resultados en cada sector**

O informe de Traballo refire que entre os sectores que asinaron este tipo de pactos figura á cabeza o do téxtil e confección, posto que reduciu a súa precariedade en 9,3 puntos, ata incorporar nun ano 1.694 traballadores estables máis. O sector da construción, que no último ano medrou un 5%, reduciu a súa taxa de precariedade en 6,9 puntos. Así, neste sector hoxe en día hai 10.274 traballadores con contrato indefinido máis que hai un ano.

No caso do comercio, a taxa de precariedade reduciuse no último ano un 4,1%, o que supón un incremento de 5.095 traballadores con relación laboral estable. Na hostalaría a taxa de precariedade reduciuse un 3,5%, o que implicou 2.996



traballadores indefinidos máis. Por último, no sector agroforestal a precariedade baixou 1,9 puntos.

### Pactos acadados este ano

A Consellería de Traballo informou tamén o Consello da Xunta de que aos cinco grandes sectores que acadaron un pacto de estabilidade en 2006 se sumaron este ano outros cinco sectores con convenio colectivo propio, tal e como foi acordado cos axentes económicos e sociais no pacto *Obxectivos e medidas para o emprego no Galicia*, do seo do Diálogo Social.

Así pois, os sectores que se incorporaron aos pactos de estabilidade neste exercicio foron as panadarías e pastelarías da provincia de Ourense, a sanidade privada de Ourense, as pompas fúnebres da Comunidade, o sector do metal da Coruña e o sector do metal de Lugo.

Hoxe podemos dicir que teñen pactos sectoriais de estabilidade un total de dez sectores que ocupan a un total de 351.051 asalariados en Galicia, o que representa o 50,6% dos traballadores con convenio colectivo sectorial. Os obxectivos marcados neste novo elenco de acordos varían: desde o 85% de estabilidade ao que se compromete o sector das pompas fúnebres, ata case 50% (45%) no sector do metal da Coruña.

### EVOLUCIÓN DA AFILIACIÓN Á SEG. SOCIAL XUÑO 2007 – XUÑO 2006

	XUÑO 2007	% VARIACIÓNS		VARIACIÓNS	
	Taxa	Var total	Var taxa	Asalariados	Temporais
Téxtil e confección	30,0%	2,3%	-9,3%	354	-1.340
Construción	57,2%	5,0%	-6,9%	5.650	-4.624
Comercio	26,6%	0,0%	-4,1%	-39	-5.134
Hostalaría	45,9%	3,9%	-3,5%	1.612	-684
Agroforestal	31,3%	-0,6%	-1,9%	-53	-199
<b>Sectores con pacto</b>	<b>41,2%</b>	<b>2,5%</b>	<b>-4,9%</b>	<b>7.524</b>	<b>-11.981</b>
<b>Media de Galicia</b>	<b>37,1%</b>	<b>6,1%</b>	<b>-3,2%</b>	<b>39.994</b>	<b>-6.087</b>


**FONTE:** Explotación do IGE para a Consellería de Traballo



### Temporalidade en descenso

O informe de Traballo exemplifica con cifras a evolución da taxa de temporalidade galega nos últimos anos: en 1988 era 5,5 puntos inferior á media do Estado, pero en 1995 a diferenza co Estado pasou a só 2,2 puntos e en 1996 xa era de 1,1 puntos menos. En 1997, por primeira vez na historia, a taxa galega superou a de España e no segundo trimestre de 2005 xa superaba en case un punto a media estatal (0,8 décimas). Pola contra, no segundo trimestre deste ano situouse a taxa de temporalidade case medio punto por debaixo da estatal, 0,3 décimas.

A Consellería de Traballo defende que só se deben beneficiar de axudas públicas aquelas empresas que manteñen relacións laborais de calidade.



### Mínimos de estabilidade para optar a incentivos

Por este motivo, a Consellería de Traballo fixou uns incentivos á contratación que lles exixen como requisito a aquelas empresas que se queiran beneficiar deles unha taxa de estabilidade mínima: no ano 2006 fixouse nun 70% e para 2007 un 72,5% do cadro de persoal. A preocupación e a acción de goberno da Xunta foi plenamente compartida e asumida polos axentes sociais.

As taxas de estabilidade, tendo como referente a media galega, teñen variacións duns sectores a outros. Estas variacións obedecen tanto a cuestións estruturais do propio sector (hai sectores cunha estacionalidade superior aos outros) como ao desenvolvemento sectorial.



A Consellería de Traballo constatou que en determinados sectores os baixos índices de estabilidade non tiñan a necesaria correspondencia coa variación media anual da súa afiliación na Seguridade Social: logo a temporalidade na contratación non estaba xustificada obxectivamente. Non obstante, existen sectores cunha actividade estacional que requiren un especial tratamento no relativo á temporalidade.

Co fin de conciliar esta situación coa preocupación dos empresarios daqueles sectores que, por causas do propio sistema produtivo, non acadaban ese 70%, ou 72,5% este ano, e polo tanto non podían acceder aos incentivos públicos, a Consellería de Traballo puxo en marcha unha liña de subvencións para aqueles sectores con maior grao de estacionalidade que consensúen plans de estabilidade.



## A CONSELLERÍA DE TRABALLO DESTINA MÁIS DE 180.000 EUROS Á POSTA EN MARCHA DE CURSOS DE FORMACIÓN OCUPACIONAL EN MONTEVIDEO E BUENOS AIRES

- *Un total de 120 desempregados están a participar nos cursos, impartidos en Buenos Aires e Montevideo*
- *O obxectivo da actividade formativa é facilitar o retorno a Galicia de emigrantes galegos ou descendentes coñecedores da situación do mercado laboral da Comunidade*

A Consellería de Traballo informou esta mañá ao Consello da Xunta de Galicia do desenvolvemento de cursos de formación profesional no Centro Orensano de Montevideo, o Centro Galicia de Buenos Aires e o Centro Gallego de Buenos Aires. A posta en marcha destas actividades de formación está a supoñer un investimento de máis de 180.000 euros por parte deste departamento autonómico.

O obxectivo destes cursos é impartir actividades de formación profesional dirixidas a emigrantes galegos con vontade de retorno e descendentes ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Así, no Centro Orensano de Montevideo e no Centro Gallego de Buenos Aires organizáronse os cursos de camareiro de bar-restaurante e de soldador-alicatador. No caso do Centro Gallego de Buenos Aires desenvolvéronse os cursos de axudante de cociña e de encofrador.

Estes cursos tiveron unha duración de 200 horas, conforme os programas de formación profesional promovidos pola Dirección Xeral de Formación e Colocación da Consellería de Traballo.

Estas actividades están a desenvolverse no presente ano, xa que a vixencia do convenio que as acolle finaliza o 31 de decembro.

### **Obxectivo pactado no Diálogo Social**

A posta en marcha destes cursos formativos supón a continuación da materialización dos acordos de colaboración acadados polo conselleiro de Traballo o pasado mes de marzo cos gobernos arxentino e uruguaio. Trátase dunha das actuacións estratéxicas emprendidas polo Goberno galego para dar cumprimento ao pacto *Obxectivos e medidas de emprego de Galicia*, incluído no *Novo Marco de Relacións Laborais en Galicia: Acordo polo Emprego*, froito do proceso de Diálogo Social entre Administración, patronal e sindicatos.



O obxectivo é conseguir que no ano 2009 haxa 82.000 traballadores máis (con respecto a 2004), entre emigrantes retornados e inmigrantes, que fagan posible a continuidade do equilibrio entre as persoas que acceden á xubilación e traballadores que se incorporan ao mercado laboral.

Para coñecer da forma o máis exacta posible o interese en traballar en Galicia de desempregados galegos de Arxentina e Uruguai, a Consellería de Traballo instalou en Buenos Aires e Montevideo un total de 3 puntos de información dixital. Nestes dispositivos os interesados poden consultar as ofertas de traballo en Galicia, información sobre cursos de formación e tamén se poden rexistrar nunha listaxe de emigrantes e descendentes con vontade de retorno.

Os puntos de información dixital foron instalados no Centro Galicia e no Centro Gallego de Buenos Aires, así como no Centro Orensano de Montevideo. A Consellería de Traballo tomou esta iniciativa para promover un retorno programado, de tal maneira que os traballadores e traballadoras que se trasladen a Galicia na busca dunha saída profesional o fagan conscientes das posibilidades de inserción laboral existentes. Por iso a Dirección Xeral de Formación e Colocación deseñou estes cursos, coa vontade de incrementar a empregabilidade dos candidatos que se anotaron no rexistro do Servizo Público de Emprego galego.